

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA A FORMACIÓN DE DOCENTES EN EDUCACIÓN EMOCIONAL.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020

Dunha parte, **D. Antonio López Díaz**, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782, Santiago de Compostela, actuando en nome e representación dela en virtude do Real Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG 05/06/2018), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001 de Universidades do 21 de decembro e do Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra, Dona **CARMEN POMAR TOJO**, Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante a consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Ambos os dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten interese en definir un modelo formativo en cascada neste caso, referido á Educación Emocional, que permita a profesorado formado en Educación Emocional que adquira a

especialización necesaria para formar ao profesorado en Educación Emocional, e por iso que a Consellería establece este convenio de colaboración coa USC.

SEGUNDO.- Con motivo de ter a USC, un Curso de Postgrao de Especialización na Educación Emocional establecido de acordo co Regulamento de Estudos de Propios de Posgrao e Formación Continua aprobado polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015, que se desenvolverá no curso académico 2019-2020, a Consellería establece un convenio de colaboración con esta entidade para impartir formación e formar a persoal docentes especialista en Educación Emocional.

TERCEIRO.- Ambas institucións consideran moi conveniente a colaboración mutua co obxecto de promover a formación de profesorado especialista en Educación Emocional e aunar esforzos de cara a que o alumnado dos centros educativos se beneficien do potencial desta acción formativa.

En consecuencia, ambas as dúas partes acordan as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer unha colaboración entre a USC e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a **formación específica en Educación Emocional a profesorado docente da** Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

1.1. A USC, dentro da oferta de cursos de Posgrao propio da USC ao abeiro do regulamento de Estudos Propios de Posgrao e Formación Continua aprobado polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015, impartirá un Curso de especialización en Educación Emocional.

1.2. A Consellería, **establece** como contidos básicos que deber ter a formación de Especialización en Educación Emocional, as seguintes: Cerebro, emocións e educación; Liderado emocional, plano social e individual; Entrenando as competencias emocionais; Educación emocional en acción, aplicacións e experiencias; Deseño e avaliación en educación emocional e Elaboración dunha proposta de intervención

desde a Educación Emocional, coincidentes moitas delas co xa establecido no propio curso de postgrao.

1.3. Búscase en definitiva, que despois da formación recibida, o profesorado participante teña adquirido a preparación necesaria para converterse en auténticas persoas especialistas en Educación Emocional.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consellería en compensación ofrece á USC unha dotación económica cun valor estimado en *vintecinco mil setecentos cuarenta euros* (25.740-€) coa finalidade de contribuir ao desenvolvemento de proxectos de investigación que impliquen un avance no campo da Educación Emocional. Ademais comprométese a seguir colaborando ca USC no desenvolvemento das prácticas do máster universitario en formación do profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinos de idiomas prestando aos centros educativos que dela dependen para o desenvolvemento das mesmas.

O gasto que se proxecta está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2020, en trámite parlamentario. Esta resolución tramítase ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Partida orzamentaria 10.20.422I.640.1.

TERCEIRA.- COLABORACIÓN/COMPROMISO DA USC

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese á reserva dun número determinado de prazas en dito curso de postgrao (quince), para profesorado que a Consellería determine e así como a ofrecer unha formación adaptada aos contidos que se establecen no presente convenio para a formación en Educación Emocional.



CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión de seguimento paritaria integrada polo vicerreitor/a con competencias en titulacións de posgrao propio, ou persoa en quen delegue, en representación da USC, e D. Manuel Corredoira López, Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que se encargará da supervisión da execución do convenio, a súa interpretación e a resolución dos conflitos derivados da súa aplicación.

QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio estará supeditado á efectiva realización do curso de postgrao. Entrará en vigor na data da súa sinatura, e rematará na data de finalización dito curso, podéndose denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

SEXTA. FINANCIAMENTO

Este convenio si leva consigo aparelada unha compensación económica da Consellería para a USC por esta colaboración. O pago realizarase antes do 30 de xuño de 2020.

SÉTIMA. RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da USC e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

OITAVA. INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión de seguimento. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

DÉCIMA. TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.


Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

Pola USC



D. Antonio López Díaz
O Reitor

Pola Consellería de Educación, Universidade e
Formación Profesional



D./D^a. Carmen Pomar Tojo
A Conselleira

